

Praza número: **18/1101** Número de prazas: **1**

Categoría: **Axudante doutor/a**

Dedicación: **Tempo completo**

Área de coñecemento: **Dereito do Traballo e Seguridade Social**

Departamento: **Dereito Público**

Docencia: **Materias da área**

Centro: **Facultade de Ciencias do Traballo**

RESOLUCIÓN POLA QUE SE NOMEA UN NOVO SECRETARIO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 18/1101

Por Resolución do 13 de marzo de 2019, publicouse a resolución reitoral pola que se nomean novos membros da comisión de selección da praza número 18/1101.

O secretario que foi nomeado na resolución do 13/03/2019, José Ramón Ruiz García, xubilouse por cumprir a idade regulamentaria con data do 11 de outubro de 2021 e, polo tanto, perdendo a súa condición de empregado público segundo o que establece o artigo 63 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.

Conforme ao establecido na disposición 6.5 da normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, corresponde ao reitor o nomeamento do suplente do secretario no caso de ausencia ou causa xustificada que impida a súa actuación. Correspondendo esta substitución ao/a profesor/a do departamento de maior categoría e antigüidade.

Por todo o indicado, acordo:

1. Substituír ao secretario polo profesor do departamento de maior categoría e antigüidade do Departamento de Dereito Público, Francisco Javier Sanz Larruga.
2. Facer pública a composición da comisión de selección que debe realizar a nova valoración das persoas candidatas segundo o establecido na sentenza número 00200/2020 do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña.

Apelidos e nome	Categoría	Área	Cargo
Gomis Rodríguez, Alfonso	Titular de escola universitaria	775	Presidente
Sanz Larruga, Francisco Javier	Catedrático de universidade	125	Secretario
García ArtHus, Emilia Luisa	Titular de universidade	230	Vogal 1º
López Rodríguez, José	Titular de universidade	140	Vogal 2º
-	-	-	Vogal 3º
Guillén Solórzano, Eduardo	Contratado doutor	650	Representante traballadores/as

Contra a presente resolución, de conformidade co disposto no art. 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderán as persoas interesadas interpor, potestativamente, un recurso de reposición ante esta Reitoría no prazo dun mes, ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, na forma e nas condicións previstas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, que se contan ambos a partir do día seguinte ao da súa publicación.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

P.D. do reitor (R.R do 12/01/2016)
O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente,
Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	DwxPnlLOiYx1mldC4jBBzQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	12/12/2023 13:14:15
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/DwxPnlLOiYx1mldC4jBBzQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

